

## Manuel Curros Enríquez, un clásico galego, após 100 anos da súa morte

**M**anuel Curros Enríquez forma parte da tríada dos clásicos galegos do século XIX. Unha tríada que, como número cabalístico, representa tres actitudes humanas fundamentais, tres posicións respecto de Galiza e tres formas de concibir a poesía, apostando pola restauración dunha literatura nacional. Curros simboliza a actitude do ideólogo e pensador ao servizo dunha causa política concreta, inmerso na batalla e no conflito cotián e a cada paso máis próximo a unha posición nacionalista. Ao seu carón, Rosalía manifesta unha actitude filosófica, de ampla comprensión humana, psicolóxica e social, consciente dun compromiso nacional, a causa da dignificación e a defensa de Galiza como pobo, como nación diferente. Foi expresión de consciencia nacional, moito antes de que esta se manifestase en práctica política claramente nacionalista. Pondal, tardío en contribuír con decisión á unha literatura nacional galega, isto é na lingua do país, foxe da realidade criando un mundo poético de ensoñación mítica para compensar os límites dunha experiencia biográfica-social incapaz de levar á práctica a tendencia ideolóxica proto-nacionalista, tanto polas súas características persoais, como polas limitacións obxectivas da transición finisecular, momento de grande expansión do movemento globalizador e parello á *belle époque* e ao modernismo. Noutra onda explicativa podemos ver en Rosalía a tendencia da muller á independencia, o espírito proteico dunha druidesa, auténtica Nai de potencialidades diversas, como fonte orixinaria da que todo provén. En Curros podemos detectar un auténtico fillo espiritual de Rosalía, o poeta que mellor captou a esencia e significación histórica da poesía rosaliana, a súa funcionalidade como resposta ao proceso de expansión imperialista. Denunciou a marxinalidade e persecución a que foi sometida como persoa. Comprende o seu valor simbólico. Non en balde os dous mellores poemas da literatura galega adicados a Rosalía pertencen á pena de Curros Enríquez (“A Rosalía”, de 1891, e “Na Tumba de Rosalía”, de 1904). En Pondal está un espírito santo no seu significado psicolóxicamente neutro e na tendencia idealista e simbólico-naturalista da súa poesía galega. É o máis monocorde dos tres, o que ten a poesía como obxecto de adoración e como produto dunha actividade illada do mundo.

Tendo en conta o estado de atordoamento, perfectamente orquestrado, e a orientación anódina e malamente formalista de moita crítica e historiografía literaria actual, á que non é allea a que se fai na Galiza, moitos se fan a pregunta desde esa perspectiva *pura* de se é posíbel ser un bo poeta con un substrato tan ideolóxico e mesmo político como ten a poesía de Curros Enríquez. A resposta ten que

## Manuel Curros Enríquez, un clásico gallego, 100 años después de su muerte

**M**anuel Curros Enríquez forma parte de la tríada de los clásicos gallegos del siglo XIX. Una tríada que, como número cabalístico, representa tres actitudes humanas fundamentales, tres posiciones respecto de Galicia y tres formas de concebir la poesía, apostando por la restauración de una literatura nacional. Curros simboliza la actitud del ideólogo y pensador al servicio de una causa política concreta, inmerso en la batalla y en el conflicto cotidiano y a cada paso más próximo a una posición nacionalista. A su lado, Rosalía manifiesta una actitud filosófica, de amplia comprensión humana, psicológica y social, consciente de un compromiso nacional, a causa de la dignificación y la defensa de Galicia como pueblo, como nación diferente. Fue expresión de consciencia nacional, mucho antes de que esta se manifestase en práctica política claramente nacionalista. Pondal, tardío en contribuir con decisión a una literatura nacional gallega, esto es en la lengua del país, huye de la realidad creando un mundo poético de ensoñación mítica para compensar los límites de una experiencia biográfica-social incapaz de llevar a la práctica la tendencia ideológica proto-nacionalista, tanto por sus características personales, como por las limitaciones objetivas da transición finisecular, momento de gran expansión del movimiento globalizador y parejo a la *belle époque* y al modernismo. En otra onda explicativa podemos ver en Rosalía la tendencia de la mujer a la independencia, el espíritu proteico de una druidesa, auténtica Madre de potencialidades diversas, como fuente originaria de la que todo proviene. En Curros podemos detectar un auténtico hijo espiritual de Rosalía, el poeta que mejor captó la esencia y significación histórica de la poesía rosaliana, su funcionalidad como respuesta al proceso de expansión imperialista. Denunció la marginalidad y persecución a que fue sometida como persona. Comprendió su valor simbólico. No en balde los dos mejores poemas de la literatura gallega dedicados a Rosalía pertenecen a la pena de Curros Enríquez (“A Rosalía”, de 1891, y “Na Tumba de Rosalía”, de 1904). En Pondal está un espíritu santo en su significado psicológicamente neutro y en la tendencia idealista y simbólico-naturalista de su poesía gallega. Y lo más monocorde de los tres, lo que tiene la poesía como objeto de adoración y como producto de una actividad aislada del mundo.

Teniendo en cuenta el estado de aturdimiento, perfectamente orquestrado, y la orientación anodina y malamente formalista de mucha crítica e historiografía literaria actual, a la que no es ajena la que se hace en la Galicia, muchos se hacen la pregunta desde esa perspectiva *pura* de si es posible ser un buen poeta con un substrato tan ideológico y mismo político como tiene la poesía de Curros Enríquez. La

ser contundente: non é a temática nin a ideoloxía a que fai, en principio, bos ou malos poetas. Nada hai alleo ao mundo poético e moito menos todo aquilo que se manifesta no primeiro plano da realidade. O mérito está en ser quen de transmutar poeticamente esta realidade para facela significativa, expresiva e rompedora do rotineiro, o que se manifesta no uso da lingua, mais ten detrás unha posición psicolóxica, un impulso vivencial, unha forma analítica racional e unha emotividade. A ideoloxía de Curros é clara e moi representativa dun determinado movemento político no Estado español na segunda metade do século XIX. As esteas do seu pensamento político son: democracia, librepensamento, laicismo, educación, propiedade privada e república, fronte ás esteas do Antigo Réxime (feudalismo, teocracia, confesionalidade relixiosa e monarquía). Sintetizando, concluiremos no eslogan da revolución francesa, “liberdade, igualdade e fraternidade”, tríada cuxa orixe é atribuída aos valores do cristianismo evanxélico. A formación de Curros vai parella ao proceso revolucionario da Setembrina (1868), que abriu as portas á primeira democracia existente no Estado, primeiro coa monarquía constitucional de Amadeo de Saboya, e despois coa Primeira República. O Sexenio Revolucionario (1868-1874) conlevou a abolición da escravitude, a liberdade de cultos, a separación da Igrexa e o Estado, o matrimonio civil e o voto masculino universal (as mulleres tiveron que esperar a 1931). Mais Curros debeu confrontarse coa Restauración borbónica o resto da súa vida, unha pseudo-democracia bipartita, unha monarquía limitadamente constitucional, un Estado novamente confesional. Consideraba o carlismo unha reacción aínda máis cavernícola que a da monarquía restaurada. Nos seus artigos, como correspondente de guerra en Euskadi para *El Imparcial* expresa radical incompreensión e unha declarada hostilidade polos seguidores do pretendente Don Carlos. Só andando o tempo comprendeu que en Euskadi algunhas das febras do carlismo non eran máis que o antecedente do nacionalismo vasco. Porén, hai unha evolución ideolóxica e literaria nos seus 40 anos de actividade como escritor que expresa a contradición entre abstracto programa democrático-liberal-republicano, interiorizado na súa formación cando mozo, e as experiencias concretas e observacións de realidades específicas que se lle van revelando. Para sermos máis claros: na última etapa vital e literaria aparece un Curros máis caracterizadamente pre-nacionalista ou proto-nacionalista que nas etapas anteriores.

Paradoxalmente, quen contribúe coa súa obra consciente a conformar unha literatura nacional galega é neste caso un home moi proclive ao universalismo, ao progreso como tendencia á unidade de todas as cousas, incluídas as linguas. É un optimista sobre a evolución para mellor da humanidade. O seu primeiro libro en lingua galega, *Aires da miña Terra* (1880), é en certa maneira, unha proposta evanxélica, unha proclama do seu programa democrático aplicado á realidade galega. Curros asúmese así mesmo como un Tirteo, que se expresa nunha lira torva; é a incitación á liberación dos escravos. A palabra, o seu poder, a prédica dos valores que poden fundamentar un novo tempo, o seu valor taumatúrxico impulsan os poemas do libro, agás os tres costumistas que o abren. Son un ronsel de lategazos anti-feudais, contra os foros, contra a opresión dos labregos, a prol do progreso, en defensa dos valores do cristianismo, contra o catolicismo romano, a vivida como contradición práctica lite-

respuesta tiene que ser contundente: no es la temática ni la ideología la que hace, en principio, buenos o malos poetas. Nada hay ajeno al mundo poético y mucho menos todo aquello que se manifiesta en primer plano de la realidad. El mérito está en ser quien de transmutar poéticamente esta realidad para hacerla significativa, expresiva y rompedora de lo rutinario, el que se manifiesta en el uso de la lengua, mas tiene detrás una posición psicológica, un impulso vivencial, una forma analítica racional y una emotividad. La ideología de Curros es clara y muy representativa de un determinado movimiento político en el Estado español en la segunda mitad del siglo XIX. Las bases de su pensamiento político son: democracia, librepensamiento, laicismo, educación, propiedad privada y república, frente a las bases del Antiguo Régimen (feudalismo, teocracia, confesionalidad religiosa y monarquía). Sintetizando, concluiremos en el eslogan de la revolución francesa, “libertad, igualdad y fraternidad”, tríada cuyo origen es atribuido a los valores del cristianismo evangélico. La formación de Curros va pareja al proceso revolucionario de la Setembrina (1868), que abrió las puertas a la primera democracia existente en el Estado, primero con la monarquía constitucional de Amadeo de Saboya, y después con la Primera República. El Sexenio Revolucionario (1868-1874) conllevó a la abolición de la esclavitud, la libertad de cultos, la separación de la Iglesia y el Estado, el matrimonio civil y el voto masculino universal (las mujeres tuvieron que esperar a 1931). Mas Curros debió confrontarse con la Restauración borbónica el resto de su vida, una pseudo-democracia bipartita, una monarquía limitadamente constitucional, un Estado nuevamente confesional. Consideraba el carlismo una reacción aún más cavernícola que la de la monarquía restaurada. En sus artículos, como corresponsal de guerra en Euskadi para *El Imparcial* expresa radical incompreensión y una declarada hostilidad por los seguidores del pretendiente Don Carlos. Sólo andando el tiempo comprendió que en Euskadi algunas de las fibras del carlismo no eran más que el antecedente del nacionalismo vasco. Sin embargo, hay una evolución ideológica y literaria en sus 40 años de actividad como escritor que expresa la contradición entre abstracto programa democrático-liberal-republicano, interiorizado en su formación cuando joven, y las experiencias concretas y observaciones de realidades específicas que se le van revelando. Para ser más claros: en la última etapa vital y literaria aparece un Curros más caracterizadamente pre-nacionalista o proto-nacionalista que en las etapas anteriores.

Paradójicamente, quien contribuye con su obra consciente a conformar una literatura nacional gallega es en este caso un hombre muy proclive al universalismo, al progreso como tendencia a la unidad de todas las cosas, incluidas las lenguas. Es un optimista sobre la evolución para mejor de la humanidad. Su primer libro en lengua gallega, *Aires da miña Terra* (1880), es en cierta manera, una propuesta evanxélica, una proclama de su programa democrático aplicado a la realidad gallega. Curros se asume así mismo como un Tirteo, que se expresa en una lira torva; es la incitación a la liberación de los esclavos. La palabra, su poder, la prédica de los valores que puedan fundamentar un nuevo tiempo, su valor taumatúrgico impulsan los poemas del libro, excepto los tres costumbristas que lo abren. Son una estela de latigazos anti-feudales, contra los foros, contra la opresión de los labradores, a favor del progreso, en defensa de los valores del cristianismo, contra el catolicismo romano, la vivida como contradición práctica literaria

ria en lingua galega fronte á pretendidamente máis universal literatura española... Todo acaba rematando en dous poemas que significativamente cerran a primeira edición, “Alborada” e “Encomenda”. “Alborada” anuncia un novo tempo, precisamente da man dos poetas da “lira torva”. Tanto un como o outro son poemas mesiánicos. A terceira edición do libro (1886) remata con “A Palabra”, unha traballadísima creación simbólica destinada a defender a racionalidade, a capacidade de intelixencia do ser humano que se manifesta especialmente a través da súa crenza en Deus, monoteísmo que abrangue as tres relixións: xudaísmo, cristianismo e mahometanismo. Desta maneira, Curros maniféstase como un relativista relixioso e un defensor sen prexuízos das distintas culturas relixiosas monoteístas hexemónicas concatenadas por profetas comúns. Isto é moito máis do esperábel nun poeta europeo, civil e combativo, que se posiciona contra as quintas, contra a pena de morte, a prol do renacemento cultural e literario de Galiza, cuxos comprometidos protagonistas louva. Non é de estrañar que na España da Restauración caese contra o libro e o poeta a pauliña eclesiástica por herexía. A denuncia dalgúns poemas, concretamente “Mirando ao chau” e “Pelegrinos, a Roma!”, considerados irreverentes polo bispo de Ourense, tamén Senador, conlevou un sonado xuízo, en primeira instancia, no que foi condenado a dous anos, catro meses e un día de prisión e dúas centas cincuenta pesetas de multa, suspensión de cargo e de sufraxio e costas. Afortunadamente foi absolto na segunda instancia da Audiencia de A Coruña, nun clima de extensa solidariedade popular. Con todo perdeu o posto de traballo na Delegación de Facenda de Ourense e viuse obrigado a regresar novamente para Madrid.

Resulta esplendorosa a liberdade de expresión e de consciencia de que fai gala a obra poética de Curros no terreo ideolóxico sen caer no abstracto, declamatorio ou anti-poético. Este afán pola liberdade de expresión e pola manifestación de xuízos críticos sen ambigüidade acadou o seu cumio en **O Divino Sainete** (1888), a máis punzante sátira, parodia, contra a Igrexa católica, os seus pecados, o mesmo Papa, inspirándose como punto de partida nunha obra canónica da literatura europea, **A Divina Comedia** de Dante. Novamente estamos coa presenza indicativa do número tres. O poema desenvólvese en tríadas, as súas partes son nove, múltiplo de tres, se temos en conta os oito cantos e a introdución. Hai moito de linguaxe secreta a través do valor simbólico dos números, como corresponde á apreciación simbólica do universo típica da masonaría, na que sen dúbida, Curros estivo integrado, como os seus amigos e protectores Eduardo Chao ou Manuel Barros. **O Divino Sainete** é unha manifestación máis, senlleira e incisiva dun texto que formalmente é un poema pero que realmente é unha narración e unha obra de teatro tamén. Isto é, a estrutura poética encerra estruturas narrativas e dialóxicas, como pasa en grande parte na poesía dos clásicos galegos, nomeadamente Rosalía e Curros. Na forma poética están agochadas en xerme todos os xéneros literarios. Naturalmente **O Divino Sainete** foi debidamente silenciado e ignorado, alén de ser puntualmente desvalorizado. Curros non obtivo o éxito que acadou con **Aires da Miña Terra**, nada menos que tres edicións até 1886. O confesionalismo do réxime no deixaba espazo a tal descaramento anti-clerical e anti-papista, por moita fundamentación evanxélica cristiá que tivese.

en lingua gallega fronte a la pretendidamente más universal literatura española... Todo acaba terminando en dos poemas que significativamente cierran la primera edición, “Alborada” y “Encomenda”. “Alborada” anuncia un nuevo tiempo, precisamente da la mano de los poetas de la “lira torva”. Tanto uno como el otro son poemas mesiánicos. La tercera edición del libro (1886) termina con “A Palabra”, una traballadísima creación simbólica destinada a defender la racionalidad, la capacidad de inteligencia del ser humano que se manifiesta especialmente a través de su creencia en Dios, monoteísmo que abarca las tres religiones: judaísmo, cristianismo y mahometanismo. De esta manera, Curros se manifiesta como un relativista religioso y un defensor sin prejuicios de las distintas culturas religiosas monoteístas hegemónicas concatenadas por profetas comunes. Esto es mucho más de lo esperable en un poeta europeo, civil y combativo, que se posiciona contra las quintas, contra la pena de muerte, a favor del renacimiento cultural y literario de Galicia, cuyos comprometidos protagonistas elogia. No es de estrañar que en la España de la Restauración cayese contra el libro y el poeta la paulina eclesiástica por herejía. La denuncia de algunos poemas, concretamente “Mirando ao chau” y “Pelegrinos, a Roma!”, considerados irreverentes por el obispo de Ourense, también Senador, conlevó un sonado juicio, en primera instancia, en el que fue condenado a dos años, cuatro meses y un día de prisión y doscientas cincuenta pesetas de multa, suspensión de cargo y de sufraxio y costas. Afortunadamente fue absuelto en la segunda instancia de la Audiencia de A Coruña, en un clima de extensa solidaridad popular. Con todo perdió el puesto de trabajo en la Delegación de Hacienda de Ourense y se vio obligado a regresar nuevamente para Madrid.

Resulta esplendorosa la libertad de expresión y de consciencia de que hace gala la obra poética de Curros en el terreno ideológico sin caer en lo abstracto, declamatorio o anti-poético. Este afán por la libertad de expresión y por la manifestación de juicios críticos sin ambigüedad alcanzó su cumbre en **O Divino Sainete** (1888), la más punzante sátira, parodia, contra la Iglesia católica, sus pecados, el mismo Papa, inspirándose como punto de partida en una obra canónica de la literatura europea, **La Divina Comedia** de Dante. Nuevamente estamos con la presencia indicativa del número tres. El poema se desarrolla en tríadas, sus partes son nueve, múltiplo de tres, si tenemos en cuenta los ocho cantos y la introducción. Hay mucho de lenguaje secreto a través del valor simbólico de los números, como corresponde a la apreciación simbólica del universo típica de la masonería, en la que sin duda, Curros estuvo integrado, como sus amigos y protectores Eduardo Chao o Manuel Barros. **O Divino Sainete** es una manifestación más, singular e incisiva de un texto que formalmente es un poema pero que realmente es una narración y una obra de teatro también. Esto es, la estructura poética encierra estructuras narrativas y dialógicas, como pasa en gran parte en la poesía de los clásicos gallegos, nombradamente Rosalía y Curros. En la forma poética están escondidas en germen todos los géneros literarios. Naturalmente **O Divino Sainete** fue debidamente silenciado e ignorado, alén de ser puntualmente desvalorizado. Curros no obtuvo el éxito que alcanzó con **Aires da Miña Terra**, nada menos que tres ediciones hasta 1886. El confesionalismo del régimen no dejaba espacio a tal descaramiento anti-clerical y anti-papista, por mucha fundamentación evangélica cristiana que tuviese.

Non é nada estraño que un home e poeta como Curros, xornalista de profesión, topase múltiples dificultades nun Estado español confesional, ultraespañolista, cunha democracia bipartita fraudulenta. Emigrou a Cuba porque xa non lle quedaba espazo na prensa española da época onde respirar con liberdade, coas conseguintes dificultades económicas. Foi na etapa cubana desde 1894-1908 onde o Curros proto-nacionalista se manifesta abertamente. Non pasa de defender unha alternativa autonomista tanto para Galiza como para Cuba, mais subxace sempre unha identificación tan acesa da patria galega e unha denuncia tan clara da marxinalización a que nos somete o Estado español que xa está instalado hexemonicamente nunha dialéctica centro-periferia. A súa vez asume plenamente que o universal se manifesta no particular e que hai linguas e culturas impostas pola forza contra o dereito dos pobos a manifestáranse en todos os eidos, incluído o artístico desde os seus valores e desde a súa propia lingua. O republicano e anti-clerical faise seguidor de Alfredo Brañas e de Murguía, arelando conformar unha fronte patriótica que poña os intereses de Galiza por enriba de todo. Sabía que á marxinalidade, á diferenza e á particularidade de Galiza había que darlle unha resposta propia no terreo político, e que o noso caso formaba parte de toda a periferia do sistema capitalista nunha fase imperialista que el denuncia (ver o mencionado poema “Na Tumba de Rosalía”, lido en San Domingos de Bonaval o 23 de setembro de 1904, nunha viaxe por Galiza onde ficaría uns meses sen que ninguén lle ofrecese traballo, embora fose homenaxeado en Madrid e coroado na Coruña. Finado en La Habana, o seu cadáver embalsamado foi trasladado á Coruña en marzo de 1908, para ser alí soterrado. Foi recibido cunha manifestación popular polas rúas da Coruña). Houbo tamén protestas dun sector que consideraba máis apropiado facer unha cerimonia civil, e non católica, como se acabou facendo.

A particularidade da contradición amósase no carácter distinto das literaturas periféricas. Hai moitos anos que veño defendendo o carácter de poeta realista que teñen Rosalía e Curros. Como tamén é evidente que este realismo entrevérase con doses importantes de simbolismo e de surrealismo, facendo unha peculiar poesía que é vangarda respecto das literaturas centrais, de maior complexidade en canto aos suxeitos que se expresan e de imposible catalogación dentro das clasificacións que se adoitan no canon da historia literaria occidental. Hai que subliñar ademais que, no caso de Curros, é especialmente poeta inspirado cando fai uso da lingua galega, o que fala moi ás claras de como o recurso ao uso desta lingua conleva unha actitude emocional, unha capacidade de observación e de análise que supera e rompe o ideolóxico estereotipado, librescamente adprendido, que se mama precisamente na literatura hexemónica en español. Efectivamente poetas como Curros, escritor en lingua galega, non existen na literatura española do século XIX, nin pola radicalidade do pensamento, nin pola orixinalidade métrica nin pola capacidade de subverteren ou desvendaren a realidade político-social e relixiosa, viva e expresivamente. **G**

Francisco Rodríguez, secretario xeral da UPG e membro da Executiva Nacional do BNG, é doutor en Filoloxía Románica e especialista en Curros. O artigo aquí publicado foi escrito en galego.

No es nada extraño que un hombre y poeta como Curros, periodista de profesión, encontrase múltiples dificultades en un Estado español confesional, ultraespañolista, con una democracia bipartita fraudulenta. Emigró a Cuba porque ya no le quedaba espacio en la prensa española de la época donde respirar con libertad, con las consiguientes dificultades económicas. Fue en la etapa cubana desde 1894-1908 donde el Curros proto-nacionalista se manifiesta abiertamente. No pasa de defender una alternativa autonomista tanto para Galicia como para Cuba, más subyace siempre una identificación tan encendida de la patria gallega y una denuncia tan clara de la marginación a que nos somete el Estado español que ya está instalado hegemónicamente en una dialéctica centro-periferia. A su vez asume plenamente que el universal se manifiesta en lo particular y que hay lenguas y culturas impuestas por la fuerza contra el derecho de los pueblos a manifestarse en todos los campos, incluido el artístico desde sus valores y desde su propia lengua. El republicano y anti-clerical se hace seguidor de Alfredo Brañas y de Murguía, ansiando conformar un frente patriótico que ponga los intereses de Galicia por encima de todo. Sabía que a la marginalidad, a la diferencia y a la particularidad de Galicia había que darle una respuesta propia en el terreo político, y que nuestro caso formaba parte de toda la periferia del sistema capitalista en una fase imperialista que el denuncia (ver el mencionado poema “Na Tumba de Rosalía”, leído en San Domingos de Bonaval el 23 de septiembre de 1904, en un viaje por Galicia donde quedaría unos meses sin que nadie le ofreciese trabajo, aunque fuese homenajeado en Madrid y coronado en A Coruña. Muerto en La Habana, su cadáver embalsamado fue trasladado a A Coruña en marzo de 1908, para ser allí enterrado. Fue recibido con una manifestación popular por las calles de A Coruña. Hubo también protestas de un sector que consideraba más apropiado hacer una ceremonia civil, y no católica, como se acabó haciendo.

La particularidad de la contradición se muestra en el carácter distinto de las literaturas periféricas. Hace muchos años que vengo defendiendo el carácter de poeta realista que tienen Rosalía y Curros. Como también es evidente que este realismo se entreviera con dosis importantes de simbolismo y de surrealismo, haciendo una peculiar poesía que es vanguardia respecto de las literaturas centrales, de mayor complejidad en cuanto a los sujetos que se expresan y de imposible catalogación dentro de las clasificaciones que se adoptan en el canon de la historia literaria occidental. Hay que subrayar además que, en el caso de Curros, es especialmente poeta inspirado cuando hace uso de la lengua gallega, el que habla muy a las claras de cómo el recurso al uso de esta lengua conlleva una actitud emocional, una capacidad de observación y de análisis que supera y rompe el ideológico estereotipado, librescamente aprendido, que se mama precisamente en la literatura hegemónica en español. Efectivamente poetas como Curros, escritor en lengua gallega, no existen en la literatura española del siglo XIX, ni por la radicalidad del pensamiento, ni por la originalidad métrica ni por la capacidad de subvertir o desvendar la realidad político-social y religiosa, viva y expresivamente. **G**

Francisco Rodríguez, secretario general de UPG y miembro de la Ejecutiva Nacional del BNG, es doctor en Filología Románica y especialista en Curros. El artículo aquí publicado ha sido escrito en gallego.